

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO IV./ ANO XXVI./ 2015
Outubro • Novembro • Decembro

NOTAS SOBRE O CINEMA NA POESÍA:
A IMAXE MECÁNICA, A IMAXE PENSATIVA
E O IMPRESENTABLE

Manuel Outeiriño

TERRA ENTRE MARES: O IDEÁRIO IBÉRICO NOS
POEMAS *IBÉRIA* (1864) DE ANTERO DE QUENTAL
E *HIMNE IBÉRIC* (1906) DE JOAN MARAGALL

Helena Barbagelata Simões

A TRADICIÓN CLÁSICA EN *LANZA DE SOLEDÁ* (1961)
DE AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO:
DUN EXISTENCIALISMO AGNÓSTICO
A UNHA RELIXIOSIDADE MISTÉRICA

Xosé Manuel Vélez Latorre

CUNQUEIRO, LUJÁN, O ALBARIÑO
E *LA VANGUARDIA*

Julià Guillamón

HISTORIA DUNHA INVESTIGACIÓN NA ILLA DE ONS

Paula Ballesteros-Arias

DE QUE MANEIRA BLANQUERNA ERMITÁN FIXO
O LIBRO DE AMIGO E AMADO

Ramon Llull

ENTREVISTA CON JACK BRUCE

Francisco Sampedro

LUÍS REI, LUZ QUE FULGURA NA NÉBOA

Francisco Fernández Rei

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

DIRECTOR

X. L. Méndez Ferrín

SECRETARÍA DE REDACCIÓN

Rosa López Fernández

Francisco Fernández Rei

CONSELLO DE REDACCIÓN

Miguel A. Seixas / Francisco Sampedro

Antón Figueroa / Marcial Gondar Portasany

Xavier Vence / Margarita Ledo Andión

Paco Martín / Darío Xohán Cabana

X. M. García Crego / Manuel Outeiriño

X. M. Salgado / X. Antón L. Dobao

J. Viale Moutinho / Carlos García Martínez

DESEÑO GRÁFICO

Francisco Mantecón

EDITOR

Olegario Sotelo Blanco

EDITA

SOTELO BLANCO EDICIÓNS, SL

San Marcos 77

15820 Santiago de Compostela

www.soteloblanco.com

Publicidade: Tel. 981 582 571

administracion@soteloblanco.com

HISTORIA DUNHA INVESTIGACIÓN NA ILLA DE ONS

Paula Ballesteros-Arias

Este texto foi escrito, case na súa totalidade, con motivo da presentación do libro *Ons: unha illa habitada*,¹ libro que recolle a investigación sobre o patrimonio cultural na illa de Ons feita nun amplo período de tempo. O groso do proceso de investigación levouse a cabo entre os anos 2009 e 2013 a cargo de dous proxectos. Fomos moitas as persoas que traballamos alí e a todas elas doulle as grazas por facer posible este estudo tan completo e singular. E aínda que o traballo foi plural falo en singular porque quizais foi o meu empeño o que fixo posible estar alí. E iso teño ganas de contalo.

Son os comezos dunha aventura. De como esa aventura persoal deu lugar a un traballo

¹ Ballesteros-Arias, P.; Sánchez-Carretero, C. (Coord.). 2014. *Ons, unha isla habitada*. Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit). Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Santiago de Compostela. Polo de agora o libro só está dispoñible para iPad na iBooks Store de Apple (<http://bit.ly/Q12rXx>). Proximamente en ebook.

colectivo. Efectivamente, a data de comezo foi moito antes, quizais no momento que puxen os pés na illa de Ons.

Ceguei á illa no verán de 1987. Colleramos un barco despois de escoitar tremendas marabillas dela e, moi concretamente, da acampada de Melide, Camagüei. Ons daquela era Camagüei. E era tan Camagüei que o resto da illa non existía apenas. Naqueles momentos a illa estaba case abandonada e, de cando en vez, iamos ao barrio de Curro a aprovisionarnos dalgúns víveres. A de Checho era un bar de mariñeiros e a de Acuña tamén, aínda que este último, daquela, era o que se transformaba en discoteca apagando as luces e poñendo a música máis bailable para os camagüeianos e camagüeianas que andabamos por alí. Así transcorreron varios anos de acampada en Melide, o pracer do goce dun espazo que entendíamos como natural, nus, na auga máis fresca, na area máis quente,... no recuncho máis fermoso do planeta.

O último verán que pasei en Melide coincidira cun setembro moi chuvioso. Apenas xa había campistas pero parte dos seus obxectos quedaran alí, timidamente asomados no campo dunha batalla, perdida. Dobres teitos, toldos, louza, restos de fogueiras e tamén algo de comida, patacas... Xunto con nós, algúns illáns que ían á rebusca daquelas cousas ás que lles podían dar unha segunda, terceira ou cuarta utilidade, quizais como lembranza daqueles anos atrás nos que un anaco de madeira traído polo mar era motivo suficiente para loitas e conflitos, neste lugar afastado no que os recursos eran extremadamente limitados. Aquele foi o último verán de Camagüei para nós e para todos. Tardei en volver á illa porque xa non tiña sentido ir sen o sentimento salvaxe de Camagüei.

Anos máis tarde volvíñ coa sensación de ir a outro lugar. A illa había pouco tempo que a nomearan Parque Nacional. Coma unha historia cíclica, os insulares volveran a ocupar de novo as casas e o turismo ía en aumento, só había que ver os barcos, cheos... Así, de primeiras, era outro lugar. Tampouco presentín que aquel sentimento salvaxe se ía transformar, en pouco tempo, nun sentimento cada vez máis domesticado. Efectivamente coñecín a outra parte da illa. A percepción da paisaxe era distinta, enriquecía a anterior. Un lugar tan pequeno e un mundo por descubrir.

Escoitara, tempo atrás, falar do Buraco dos Mouros, buraco directo ao centro da terra que conecta a realidade coa lenda. Por primeira vez souben da existencia do castro, como non o puidera ver antes? Entendín que a paisaxe poder ser distinta segundo quen a ve, como a ve, con quen a ve, o momento do día ou da nosa vida na que a vemos. A percepción que cada un de nós temos dunha paisaxe, dun lugar o dunha pedra, pode variar tantas veces como as veces que a miramos. E nun paseo pola praia de Canexol, por pura deformación profesional, ollei para o perfil do seu cantil. Alí parecía estar selada unha parte da nosa historia. Ante tal achádego, que entendía como moi antigo, decidín poñerme en contacto coa xerencia do Parque e falarlles da suposta importancia daquel xacemento colgado no cantil e que presupoñía podía ser unha manufactura de salgadura de peixe de época romana (Ballesteros-Arias 2009). Un xacemento romano colgado nun cantil coma unha apetitosa mazá pendurada da súa árbore á espera de ser comida. Aquele xacemento abriume unha porta, quizais foi o detonante que me fixo pensar na necesidade de recoñecer a illa dende a cultura, entendida como unha illa habitada e semantizada dende a época castrexa, polo menos... xa non era tan natural como pensaba.

Aquel ano, viaxaba coa miña irmá. Daquela ela traballaba no Centro de Saúde de Bueu, e unha grande parte dos seus pacientes eran da illa. Ese feito fixo que moitas portas da illa tamén se abrían. Accedín por primeira vez aos espazos máis íntimos, aos espazos domésticos. A cociña, as receitas de cociña, as leiras, os nomes das leiras, os cultivos, a endogamia percibida, os parentescos cruzados, o mar, o pasado recente, as mulleres labregas que foran mariñeiras, os mariñeiros que foran labregos, as crianzas que foran labregas e mariñeiras. Tempo atrás, a illa estaba totalmente explotada. En palabras deles «todo estaba limpo», ningún recuncho por traballar, ningunha pedra que voltear, ningún toxo que cortar, e a illa seguía dando. Pasáronse fame e calamidades. A posguerra, como non, deixou a súa pegada, igualiño có resto. Tamén accedín ao pasado mítico, místico, épico. Por primeira vez sentimos o medo na noite, a Santa Compañía e unha lexión de aparecidos instaláronse para sempre nas nosas cabezas.

Así se presentou Ons. O lugar ideal para investigar e coñecer os procesos culturais que alí se deran, nese pequeno anaco de terra separado do continente pero unido polo percorrer da nosa historia. Por suposto, coñecín persoas que mostraran o seu interese polo pasado da illa. Staffan Morling, o etnógrafo pioneiro que fundiu a súa vida de investigador co amor dunha rapaza da illa, Chefa. Tino Pardellas, incansable na busca do pasado e nas solucións para o futuro, ademais das publicacións de Xurxo Lourenzo, Álvaro das Casas ou de Alonso Romero entre outros. Pensei que non estaría de máis complementar estes traballos. Pero desta vez involucrando o laboratorio no que daquela traballaba, o actual Incipit. As ideas e as ganas xa estaban, agora só faltaba transmitilas e darlle forma, falar co meu director e co director do Parque Nacional e poñelas en acción co traballo de campo.

Dende o Incipit (Instituto de Ciencias do Patrimonio, CSIC), comezamos no verán de 2009.² Formulouse un traballo que ía máis aló do rexistro das entidades arqueolóxicas. Fixemos un baleirado das fontes históricas escritas no que colaborou intensamente Mariña Bermúdez, intentando ir sempre aos documentos orixinais que axudaban tanto a contextualizar os elementos culturais que estaban sendo rexistrados coma os procesos históricos producidos. Levamos a cabo unha prospección arqueolóxica superficial na que se documentou o patrimonio cultural da illa e, paralelamente, deseñamos un plan de entrevistas nas que intentamos, a base de constantes visitas, documentalo case todo, dende as historias de vida ás historias dunha comunidade. Non só nos estaban permitindo coñecer o pasado simbólico, os mitos e as lendas asociadas ás entidades culturais rexistradas, senón que quixemos achegarnos ao seu pasado recente, documentando os cambios que se deran na illa a mediados do século XX, acontecementos como a Guerra Civil, a posguerra, as etapas de maior nivel de poboamento, o paso das dornas aos barcos de motor, o abandono da illa, a reocupación, os anos 80 e 90, Camagüei...

Ao pouco tempo chegou Cristina Sanchez-Carretero, antropóloga e coautora do libro e, ante a ebulición incentivada por todo o material reunido e os vínculos establecidos, decidiuse solicitar un proxecto de investigación ao Plan Nacional.³ Iso íanos permitir financiar o traba-

² Ballesteros-Arias, Paula. 2009. *Estudo Arqueolóxico e Etnográfico da Paisaxe Cultural das Illas Ons (Bueu, Pontevedra)*, con código CD 102A 2009/383-0. Memoria Técnica entregada na DXPC en maio de 2010.

³ *Procesos de formación y cambio del paisaje cultural del Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia*. Plan Nacional I+D del Ministerio de Ciencia e Innovación. Expediente: HAR2010-22004. Investigadora responsable: Cristina Sánchez-Carretero.

llo que quedaba por facer e, sobre todo, aplicar o método de investigación que utilizáramos en Ons ao resto das illas do Parque Nacional: Cíes, Sálvora e Cortegada. Inquieta só pensalo. Indagar no pasado destes anacos de terra, vestíbulos da terra firme, supoñía un reto, especialmente porque en cada unha delas tiveran lugar episodios de ocupación humana e de propiedade da terra bastante particulares. E curiosamente particular foi o resultado. Un resultado desafortunadamente cada vez máis habitual. Aceptouse o proxecto pero cun recorte económico do 80%. Ou dito doutro xeito, ao proxecto de investigación dáse o visto bo pero non ao custe que supón levalo a cabo. Entón, en que quedamos? Que facemos? Que se fixo?

Como o financiamento concedido foi moi inferior do solicitado, só se puideron poñer en marcha algúns dos obxectivos propostos inicialmente. Entre eles estaban o de profundar no traballo antropolóxico en Ons, completar a prospección arqueolóxica e realizar o estudo de vulnerabilidade do patrimonio dunha parte do Parque Nacional, ademais de poñer en marcha e materializar a publicación do traballo realizado na illa, tendo en conta variables xeográficas, históricas, culturais e etnográficas o que, ao noso entender, se conseguiu sobradamente. Así tamén o verificou recentemente o Ministerio de Economía e Competitividade,⁴ onde se avaliou de forma satisfactoria o informe final presentado sobre o proxecto ILLAS, como así se deu en chamar, apuntando que «sería interesante proseguir con esta liña de investigación». Frases feitas, ironías do proceso da investigación.

Evidentemente o proxecto levouse a cabo cos cartos concedidos e con esa inquietude aínda latente de ter nas nosas mans pequenas chaves que seguirían abrindo portas. Conscientes de sentirmos privilexiados ante semellantes paisaxes cheas de capas de datos, a mecha seguía prendida. Pero o tempo avanzou e o final achegouse. A mecha tornouse azul. De frío, de coraxe por ter que deixalo así, como a medias. Pensar que estivemos a piques de poder acceder a materiais transcendentais. De que se te pasan mil cousas pola cabeza do que se podería facer coa cantidade de información que está aí, á espera. Da cara que se che queda ao pensar que quedan poucas persoas, testemuñas directas, de vivir nas illas. Non importa. O muro é cada vez máis duro. Para algúns, a investigación hai un tempo deixou de valer a pena. Anoto as palabras que di con lixeira e firme retranca Andrés, Enrique Villén, no momento final da película *Balada triste de trompeta* (2010) de Álex de la Iglesia: «La culpa no es de nosotros, es de este país que no tiene remedio».

En definitiva, todo o que acabo de contar foi para explicaros que unha iniciativa, ou mellor dito, un impulso individual, deu lugar a un traballo colectivo no que se viron involucradas moitas persoas do Incipit, persoal do Parque Nacional e moita máis xente. Xente da illa, amigas e amigos. Pero esta etapa política pola que estamos a pasar estrangula estes impulsos, aniquila os soños e anula o coñecemento.

Grazas a todos por participar nesta historia que, sen dúbida, algún día se retomará.

⁴ Con data do 3 de decembro de 2014 deuse como concluído o seguimento científico-técnico do proxecto.

Bibliografía

- Ballesteros-Arias, P. 2009. O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de Canexol (Illa de Ons, Bueu). *Cuadernos de Estudos Galegos*, 122. Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC. Santiago de Compostela.
- Ballesteros-Arias, P.; Sánchez-Carretero, C. (Coord.). 2014. *Ons, unha illa habitada*. Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit). Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). Santiago de Compostela.
- Ballesteros-Arias, P.; Güimil-Fariña, A., López-Romero, E. 2013. Estudo arqueolóxico do Parque nacional Illas Atlánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade. Serie *CAPA*, (Cuadernos de Arqueoloxía e Patrimonio), 33. CSIC. Madrid.
- Dabezies, J. M. Ballesteros-Arias, P. 2013. Perceptions and Appropriations of Discourses in the National Park Island of Ons (Galicia, Spain). In: Silva, Luís & Elisabete Figueiredo (Eds.), *Shaping Rural Areas in Europe. Perceptions and Outcomes on the Present and the Future*. Dordrecht: Springer. Pp. 41-56.
- López-Romero, E.; Ballesteros-Arias, P; Güimil-Fariña, A.; Daire, M.-Y. 2013. Human occupation and formation of the cultural landscape in Galicia's Atlantic Islands National Park. In: Daire M.Y., Dupont C., Baudry A., Billard C., Large J.M., Lespez L., Normand E., Scarre C. (dir.), 2013. *Ancient maritime communities and the relationship between people and environment along the European Atlantic coasts/ Anciens peuplements littoraux et relations home/milieu sur les côtes de l'Europe atlantique*. Proceedings of the HOMER 2011 Conference, Vannes (France), 28 /09-1/10/2011 BAR (British Archaeological Reports) International Series. Oxford.Pp: 285-293.

Coa colaboración da



MUSEO DE ANTROPOLOXÍA

www.soteloblanco.com

PVP: 11 € (IVE incluído)

